



30 MINUTOS DE SILENCIO CONTRA O RACISMO

#CírculoDeSilencioVigo
A Farola, Urzáiz,
21 de marzo
20:00-20:30 h



OS CÍRCULOS DE SILENCIO

Os círculos de silencio nacen en Francia no 2007 e actualmente convócanse nese país en máis de 180 cidades cada mes. Esta iniciativa tense estendido por Europa e por varias cidades españolas.

Os círculos aspiran a expresar a súa protesta dende unha cultura da non violencia, a través dunha acción sinxela e asumible por todo o mundo. Queren ser un xesto pacífico permanente de denuncia.

O silencio como forma de diálogo, que apela á conciencia de quen fai as leis, de quen as aplican e da cidadanía que as asume, ás veces de forma pasiva e acrítica. Silencio como forma de acción que aglutina a persoas de boa vontade, que podendo ter ideoloxías, culturas ou crenzas diferentes, atopan nese silencio solidario coas persoas e comunidades oprimidas unha linguaxe común.

Nun mundo desbordado de ruídos, de sobreinformación que desinforma, de eslóganés e publicidade comercial e política, pensamos que o silencio ten un potencial revolucionario para reivindicar outros mundos posibles e necesarios.

En Vigo celebramos o primeiro círculo de silencio o día 17 de outubro de 2018, en solidariedade coas persoas migrantes e para denunciar as políticas española e europea nas nosas fronteiras.

O mércores 30 de xaneiro de 2019 celebramos o segundo círculo de silencio para denunciar os conflitos, as guerras e a violencia, e en solidariedade coas persoas que as sofren.

O 21 de marzo, ás 20:00 h., celebramos o terceiro círculo de silencio no día internacional pola eliminación da discriminación racial para denunciar o racismo institucional e social do estado español.